

A relixión grega



Crono castrando a seu pai Urano

Características

Os gregos non tiñan unha palabra para designar este termo; normalmente utilizaban: τὰ περὶ τῶν θεῶν.

O illamento entre as distintas cidades estado (πόλεις) os distintos pobos invasores, a **ausencia de libros sagrados e dogmas** e polo tanto a transmisión oral son algunhas das causas de que as historias dos deuses e heroes sexan diferentes dun lugar a outro.

Ao achegarnos ós mitos

gregos debemos pensar que o facemos desde unha óptica superficial, sen ver a evolución nin a interpretación.

Politeísmo

Os gregos non crían nun só deus; tiñan moitas divindades, algunhas delas asociadas ás forzas da natureza, aos sentimentos...

Parece ser que nunha época moi primitiva era unha única deusa á que adoraban, que lles daba a vida e a morte, e iso

semella ser común a case todos os pobos.

Dicir que entre todos os deuses Zeus é o máis importante e hai quen quere ver niso unha evolución cara o monoteísmo.

Antropomorfismo

Aínda que cada deus se identifica cun animal, os homes imaxináronos con forma humana, coas mesmas virtudes e debilidades dos homes do seu tempo, so que moi poderosos e inmortais, aínda que

algun chegase a morrer.

Cívica

A faceta pública e comunitaria é a que nos chegou: non importaba a fe nin a comunicación individual co deus, e moitas veces era a cidade a encargada de organizar o culto. Porén, sabemos que ademais desta relixión pública había outras crenzas e ritos nos que a



Orixe dos deuses: do Caos a Zeus (Hesíodo)

Ó principio dos tempos existía o **Caos**, unha masa informe da que emerxe a Madre Terra ou **Xea**, pero tamén o Tártaro, a rexión máis profunda do mundo. Xea enxendrou por si mesma as altas Montañas,

a **Océano** e a **Urano**, o ceo estrelado que a cobre enteira e co que vai enxendrar fillos; así, naceron os **tres Cíclopes**, cun só ollo, os **doce enormes Titáns**, seis machos e seis femias; e os **Hecatonquiros**, que tiñan

cen brazos e cincuenta cabezas.

Urano miraba con receo os seus fillos e a medida que nacían agochábaos nas máis apartadas profundidades da Madre Terra. Esta, irritada pola actitude de Urano, incitou


a seu fillo **Crono**, o máis pequeno dos titáns para que se vingase. Cunha fouce ben afiada cortou os xenitais a Urano: tres pingas de sangue caeron na Terra e deron orixe ás **Erínias**, seres vingadores, ós **Xigantes** e as **Ninfas**.




Nacemento de Afrodita

Do seme, caído no mar, naceu Afrodita. Crono sucedeu a seu pai Urano e uniuse a súa irmá **Rea**: é a segunda xeración de deuses. Crono temía que algún dos seus fillos lle fixese o que el fixera a seu pai, por iso, cada fillo que tiña con Rea devoráboo segundo ía nacente. Pero Rea, cando ía dar a luz a Zeus, o seu último fillo, foise a Creta e pariuno ás escondidas. Acabado de nacer, a nai entregóullelo ás Ninfas para que o alimentases. Contan que foi unha

ninfa/cabra chamada Amaltea a que o amamantou. Logo entregoulle unha



pedra a Crono simulando ser o seu fillo. Cando Zeus medrou decidiu vingarse: deulle unha beberaxe que o obrigou a vomitar a pedra



Crono devorando a seu fillo

Loita e reparto de poderes


Os cinco irmáns axudaron a Zeus a loitar contra Crono e os seus irmáns os titáns: titanomaquia. Os Cíclopes, que seguiran prisioneiros nas entrañas da terra ata que Zeus os ceibou, decidiron axudar aos novos deuses: déronlles a Zeus un raio, a Hades un helmo que o facía invisible; a Posidón un tridente. Con eles foron á loita contra Crono e

os Titáns, liderados estes por Atlas.

A loita foi longa, pero unha vez derrotado Crono e os titáns foron doadamente derrotados. Todos menos dous foron arroxados ós fondos abismos do Tártaro, onde sufriron penas eternas. A Crono permitíronlle vivir nos Elíseos, e Atlas foi condenado a levar sobre os seus

ombreiros a bóveda celeste.

Zeus, Hades e Posidón repartíronse o mundo.



Atlas

Os Olímpicos e Hades

En realidade Hades non é un deus olímpico, porque non vive alí nin é alí ben recibido: Hades quedou como rei do mundo de ultratumba, tanto é así que o seu nome identifícase co reino dos mortos. Alí reina coa súa sobriña Perséfone, filla de Deméter, a quen raptara abrindo unha fenda no chan pola que saíu co seu carro, e aproveitando que ela recollía flores no campo coas súas amigas. A súa nai púxose moi triste e toda a natureza deixou de dar froitos; non atopaba a Perséfone por ningures. Mentres, Perséfone, reclusa nas obscuridades de Hades, non puido resistir a tentación e comeu un gran de milgradeira o que a atrapa para sempre nese mundo, pois todo aquel que probaba a comida dos mortos quedaba con eles para sempre. A súa nai, Deméter, deusa das colleitas buscouna sen tregua por todo o mundo sen resultado; estaba tan triste que a terra deixou de dar froito e a humanidade morría de fame. Zeus, compadecido dos homes fixo un trato con Hades e dende entón Perséfone pasa unha terceira parte co seu esposo e o resto coa súa nai; así explicaban os antigos gregos a sucesión das estacións: cando estaba coa súa filla todo renacía e daba froitos, pero cando Perséfone volvía ó mundo das tebras toda a natureza se facía eco da dor da deusa.